

José Ramón Ónega, delegado da Xunta en Madrid e director da Casa de Galicia

Paula Cousillas Pena¹

A Casa de Galicia foi fundada en 1992 co obxectivo principal de proxectar a cultura galega en Madrid. Hai exactamente 20 anos, en 1998, a nosa compañeira Ana Acuña facíalle unha entrevista ao daquela director desta Casa, Xosé Antonio Ferreiro Piñeiro. Naquela entrevista, o señor Ferreiro Piñeiro explicaba en profundidade as funcións da Casa e toda a actividade que desde esta se levaba a cabo. Actualmente, e desde o ano 2009, é José Ramón Ónega López a persoa que posúe esta gran responsabilidade: a de salvagardar e a de transmitir a cultura galega desde este espazo galego do exterior.

—**Paula Cousillas:** Desde que vostede é director da Casa de Galicia leváronse a cabo cambios significativos con respecto aos obxectivos iniciais con que esta naceu?

—**José Ramón Ónega:** Mantéñense as liñas principais de actuación que motivaron a creación desta institución: o fomento e a difusión en Madrid da cultura galega, a súa economía e os seus atractivos turísticos, que son moitos, como é de todos sabido. Liñas de actuación que se consolidaron e se potenciaron, adaptándonos ás necesidades do momento, que evolucionaron. Potenciouse, así mesmo, a proximidade aos colectivos profesionais galegos en Madrid, pois hai importantes asociacións de médicos, xuristas, empresarios e xornalistas, entre outras, que teñen as nosas instalacións como lugar de referencia, ás que acoden con frecuencia e onde celebran as súas reunións. Tamén se potenciou a relación con representantes diplomáticos no país; por aquí, por exemplo, pasan moitos embaixadores buscando un primeiro contacto con



Galicia ou apoiando algúns dos nosos actos. Por outra banda, desde a miña xestión créanse *Diplomas* cos que se pretende prestixiar a Casa como símbolo de galegitude, recoñecendo a personalidades e a profesionais, que salientan polo seu interese e afecto por Galicia.

—**P.C.:** Que é o que máis interese pode suscitar da Casa? Por que deberíamos vela ou acudir a ela?

—**J.R.Ó.:** A Casa é un referente importante para todos os galegos de Madrid e para os non galegos que queren coñecer a nosa comunidade autónoma, así como a súa cultura, polo que celebramos diferentes actos ao longo de todo o ano. É, ademais, un centro administrativo cun servizo de *Atención ao Cidadán* e un *Rexistro de petición*, que permite aos galegos a xestión de trámites da Administración autonómica sen necesidade de desprazarse ata Galicia, xa que esta é a Delegación da Xunta de Galicia en Madrid e, por tanto, somos parte da súa Administración.

¹ Universidad Complutense de Madrid, Departamento de Estudios Románicos, Franceses, Italianos y Traducción. Correo-e: paulacou@ucm.es

Ademais destes servizos, a Casa conta cunha *Oficina de Turismo*, que atrae a miles de persoas cada ano e cuxa actividade é fundamental para a promoción de Galicia desde o exterior. Desenvolve, deste xeito, un gran labor informativo e de divulgación entre particulares, operadores turísticos, axencias de viaxe e empresas que achegan un gran número de visitantes a Galicia, especialmente na época estival, pero non só. Está asistida por modernos medios informáticos a disposición dos interesados: como pode verse no noso recibidor, unha gran pantalla pasa continuamente suxestivas imaxes de Galicia, das súas paisaxes, instalacións, gastronomía, artesanía, entre outros elementos e, ademais, poden consultar noutra pantalla táctil cuestións como a dispoñibilidade de aloxamento en distintos lugares.

—**P.C.:** **Que podemos atopar no fondo bibliográfico?**

—**J.R.Ó.:** A nosa biblioteca componse de máis de 9.000 volumes, segue crescendo e dispón de servizo de consulta e préstamo. Podemos atopar nela unha temática moi diversa, referida a campos como a Literatura, o Dereito, a Historia ou a Filosofía. Todo este fondo *débese* grazas *ás* achegas tanto das administracións coma de particulares. Tamén se nutre de exemplares dos libros que se presentan na propia Casa, cedidos polas editoriais ou mesmo polos seus autores. Contamos cunha importante colección de pinturas que se mostran nas paredes da Casa e poden ser apreciadas por quen as visita. Proceden da dotación inicial coa que se abriu a Casa e de doazóns de artistas que expuxeron nela. Por outra banda, temos exposicións de pintura, escultura ou fotografía abertas ao público en tres salas: xeralmente dúas exposicións á vez que cambian cada mes.

—**P.C.:** **Que liñas de actuación son as que están tendo máis forza actualmente? Que actividades estiveron e están desenvolvendo nestes últimos meses?**

—**J.R.Ó.:** Préstase especial atención á liña cultural, con abundantes presentacións de libros, conferencias sobre diversos temas e exposicións de arte, ás que xa me referín. Ademais do traballo que no ámbito turístico desenvolve a *Oficina de Turismo*, aquí tamén se celebran importantes actos de promoción das administracións autonómica, provinciais e/ou locais galegas. Por exemplo, presentáronse celebracións como a Romaxe Viquinga de Vice-do, en Lugo, ou o Arde Lucus, o Corpus Christi de Pontearreas, festas gastronómicas como as do Cocido de Lalín, a da Lamprea de Arbo, en

Pontevedra, actos relacionados co Camiño de Santiago, entre outras.

—**P.C.:** **Ata hai relativamente pouco había cursos de galego na Casa de Galicia. En que consistían? Cre vostede que volverán realizarse? Hai algunha vontade por parte desta Casa ou doutro organismo para reactivalos?**

—**J.R.Ó.:** Os cursos de galego na Casa tiveron unha importante afluencia de alumnos de todos os niveis e evidenciaron que hai unha gran demanda en Madrid. Foron cursos de lingua galega encamiñados á obtención do título do CELGA, o Certificado de Estudos de Lingua Galega, que é o título oficial, e estaban apoiados pola Secretaría de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Suspendéronse temporalmente por algúns problemas técnicos que se están solucionando e estamos desexosos de retomalos porque, como dixen, hai gran demanda en Madrid e un interese moi especial pola nosa banda en promocionar o galego. Ademais das clases, na Casa celebráronse os exames oficiais de acceso aos distintos niveis. Confiamos en que no próximo curso funcione a Aula de Galego con normalidade.

—**P.C.:** **Está satisfeito co labor que desenvolve a Casa?**

—**J.R.Ó.:** Aspiramos a potenciar a estrutura e as actividades cada día. Nunca se está de todo satisfeito, aínda que cremos que a actividade é moi positiva.

—**P.C.:** **Que clase de público acode aquí? Que busca cando acode a esta casa?**

—**J.R.Ó.:** Público ao que lle motiva a cultura galega e para o que somos unha referencia cultural na cidade. Por unha parte, hai un público fiel, que acode a actos de diversa índole, e, por outra, un público que acode en función do tipo de acto que se realice. Son galegos e non galegos, xa que a Casa non está aberta só aos galegos senón a todo o que queira entrar nela e interéanos especialmente o coñecemento que de nós busca o público madrileño. Pretendemos potenciar a imaxe de Galicia e exhibir a nosa riqueza cultural.

—**P.C.:** **Que opinión ten sobre a vitalidade da cultura galega?**

—**J.R.Ó.:** Creo que atravesamos unha época puxante en todos os niveis. Non hai máis que ver a grande afluencia que se observa na Casa nos actos culturais. Nun ámbito máis amplo, internacional incluso, conséntase unha gran vitalidade no Camiño de Santiago, a música tradicional, sempre tan apreciada, ou o interese

que esperta a obra de Castelao, moi de actualidade coa exposición temporal en Galicia de “A derradeira leición do mestre”, que saíu de Buenos Aires por primeira vez.

—**P.C.:** **Cal é, ao seu parecer, o campo cultural galego que máis atrae e máis se difunde no exterior?**

—**J.R.Ó.:** Indubidablemente a arte e a música, o folclore, sen esquecer que se está desenvolvendo unha importantísima creación literaria en galego. Tamén o patrimonio histórico, que atrae a numerosos visitantes á nosa comunidade.

—**P.C.:** **Que cambios puido apreciar no ámbito empresarial galego? Cal é a súa opinión sobre o futuro neste ámbito?**

—**J.R.Ó.:** O que se pode valorar polo que se ve na Casa e o que se observa é que está a transcender as fronteiras nacionais, que busca a internacionalización. Como dixeran, o empresariado galego en Madrid, a Asociación de Empresarios Galegos en Madrid (Aegama), reúne con frecuencia na Casa e aquí celebra actos de contacto e información con embaixadores de distintos países, para coñecer as posibilidades de negocio que ofrecen. Existe outro colectivo, Cátedra China, no que hai empresarios galegos, que tamén celebrou actos aquí e que leva no nome o país obxecto do seu interese. Ademais, tamén desde a Xunta están a realizarse viaxes con empresarios, misións comerciais, coa finalidade de explorar posibilidades en distintos países.

—**P.C.:** **De toda a súa traxectoria, que feitos ou situacións lembra con especial agarimo ou transcendencia?**

—**J.R.Ó.:** Sen dúbida, o interese mostrado pola Casa Real a través da visita da Infanta Elena, Duquesa de Lugo, que presidiu aquí un acto de Entrega de Diplomas, acompañada polo presidente Feijóo, na celebración que fixemos do Día de Galicia de 2014. Lémbroo con especial agarimo por ser eu lucense, ademais de que foi un acto importante. Tamén me parece de especial transcendencia a presenza dos distintos embaixadores que pasaron pola Casa e a das colectividade profesionais galegas, pola súa incidencia social.

—**P.C.:** **Como se sentiu e como se sente no cargo?**

—**J.R.Ó.:** Orgulloso de representar a Galicia en Madrid.

—**P.C.:** **Antes de rematar no seu cargo, gustaríalle realizar algún propósito concreto?**

—**J.R.Ó.:** En liñas xerais estou satisfeito. A programación prevista está a cumprirse.

Desde *Madrygal* agradecemos a disposición e xenerosidade do señor Ónega por nos conceder o seu tempo e responder todas as nosas inquedanzas sobre un dos centros de encontro no exterior máis activos na difusión da nosa cultura: a Casa de Galicia en Madrid. Moitas grazas polo seu ofrecemento e polo labor que continúan a desempeñar desde este facho madrigalego.